

Tema 2. Parte II. O problema do coñecemento.

1. A verdade

O termo *verdade* empregámolo a diario, é unha palabra de uso común mais, sabemos realmente o que significa? Entre os obxectos de estudo da epistemoloxía (teoría do coñecemento) atópase aquilo que quere dicir, realmente, o termo **verdade**. Podemos distinguir, *grosso modo*, entre a verdade **formal** e a verdade **material**. A primeira é a que estuda a lóxica, a cal nos permite determinar cando os nosos argumentos son válidos: cando a nosa conclusión se segue dunhas premisas. A esa **validez** é á que nos referimos ao falar de **verdade lóxica**. Poñamos o exemplo de argumento que xa empregamos en temas anteriores: Premisa 1. Todos os humanos son mortais. Premisa 2. Sócrates é un ser humano. Conclusión. Sócrates é mortal. Estamos ante un argumento válido, xa que a conclusión séguese das premisas. De ser verdadeiras as primeiras a conclusión será necesariamente verdadeira. Vexamos o caso contrario: Premisa 1. Todos os humanos son mortais. Premisa 2. Sócrates é mortal. Conclusión. Sócrates é humano. É este un argumento válido? Non, xa que pode haber outras especies mortais que non sexan seres humanos ás cales Sócrates pode pertencer. Neste caso a conclusión non se segue das premisas.

Por outra banda, a **verdade material** refírese aos contidos ou significados das proposicións. Esta pode dividirse, á súa vez, en **verdade ótica** e **verdade epistemolóxica**. En sentido ótico algo é verdadeiro cando realmente é aquilo que parece ser. A este tipo de verdade corresponde a dicotomía entre o **aparente** e o que algo realmente é, o seu **ser verdadeiro**, dicotomía que atopamos xa nos primeiro filósofos presocráticos. **A tarefa da filosofía será a de "descubrir" a verdade das cousas oculta detrás das aparencias**, non en balde a palabra grega para referirse á verdade é *aletheia*, a cal significa literalmente "desocultar". Este é a primeira gran pregunta da **metafísica**: que é o auténticamente real, o auténtico ser das cousas?

A **verdade epistemolóxica (ou semántica)** non refírese ás cousas, senón ao noso **coñecemento** sobre elas. A verdade é unha propiedade dos enunciados que empregamos para afirmar algo sobre as cousas. Cando eu afirmo "*o Deportivo é o mellor equipo de Galicia*", debo ter un criterio para que esa proposición sexa verdadeira. A continuación veremos as principais teorías existentes a este respecto.

2. Teorías sobre a verdade

2.1. Teoría da correspondencia

"Unha proposición é verdadeira se esta se corresponde coa realidade". O primeiro en formular esta teoría foi Aristóteles, tal e como vimos ao tratar as características do esencialismo. Para o pensador grego aos conceptos que nos permitían coñecer as cousas corresponde unha realidade

extramental: **as esencias**. O concepto de "humanidade" é verdadeiro porque este fai referencia a un conxunto de características comúns que comparten todos os individuos humanos e que conforman a súa esencia. Hai, en termos máis técnicos, unha *adecuación* entre os meus **contidos mentais e a realidade**. A isto mesmo se referiu o famoso filósofo medieval (seguidor de Aristóteles) Tomé de Aquino, que sintetizou a teoría da correspondencia na seguinte frase: *adequatio rei et intellectus* (**hai correspondencia entre a cousa real e o concepto do meu entendemento**)

Adscribirse a esta teoría implica aceptar o que en filosofía se denomina **realismo**: afirmar que existe unha realidade independente da nosa mente e que esa realidade é tal e como a nosa mente a **representa**. Problema? Como podo saber eu, de xeito indubitable, que esas "representacións mentais" que me fago da realidade son exactamente iguais aos obxectos que están fóra da miña mente? Como sei que a correspondencia entre o mental e o real é exacta?

2.2. Teoría da coherencia

Para intentar dar resposta aos problemas da teoría anterior a **teoría da coherencia** defende que unha proposición é verdadeira cando é **coherente** con todas as demais proposicións que se consideran verdadeiras. Para aclarar isto, vexámolo cun exemplo. Pensade en calqueira teorema matemático que coñezades, por exemplo, o teorema de Pitágoras. Este afirma que o cadrado da hipotenusa dun triángulo rectángulo é igual á suma dos cadrados dos catetos. A verdade deste teorema non reside na súa correspondencia ou aplicación á realidade, senón no feito de que se segue dos axiomas e postulados básicos da matemática, é dicir, é coherente co resto de regras matemáticas.

Con todo, o feito de que un conxunto de proposicións non se contradigan e sexan coherentes entre sí non garantiza que todo o conxunto poida ser falso. A física aristotélica afirmaba que un corpo que pesa o dobre que outro cae ao dobre de velocidade, o cal se deducía das leis físicas imperantes na época. Pese a todo isto, esta afirmación era falsa, xa que tamén eran falsas as leis das que se deducía.

2.3. Teoría pragmática

Segundo esta teoría, **unha proposición é verdadeira se ten efectos prácticos positivos** para quen a sostén, é dicir, cando é útil para o individuo. "*Cruzar o paso de peóns cando o semáforo está en vermello para os coches é bo*" sería un enunciado verdadeiro para os peóns, xa que de seguilo teñen menos probabilidades de ser atropelados por un vehículo: é, pois, útil para a súa supervivencia. Problema? Que **aquilo que é útil nun momento determinado pode non selo noutro**. Deste xeito, para os pragmatistas, a verdade non é algo inmutable, senón **cambiante**: pode ser verdadeiro agora, pero pode mudar co tempo ou mesmo o que é verdadeiro para un individuo pode non selo para outro. Isto lévamos ao relativismo, do que xa falamos temas atrás e no que afondaremos un pouco máis adiante.

3. As posibilidades do coñecemento

Ata o momento aproximámonos ao concepto de verdade como algo que é posible de acadar pero vimos tamén que todas as distintas teorías que pretendían chegar a ela presentaban algún tipo de problema. Isto levou a que, ao longo da historia da filosofía, certos pensadores teñan dubidado ou ben da posibilidade de chegar á verdade ou ben de se esta pode ser considerada como algo absoluto e universal. Vexamos, pois, as distintas posicións ao respecto:

3.1. O escepticismo

Dentro desta escola filosófica podemos distinguir dous graos: o escepticismo **radical** e o **moderado**. O escepticismo radical considera que o ser humano non é quen de coñecer nada. Recordade como se forman os conceptos que nos permiten coñecer a realidade: son estes idénticos a realidade en si? Para os escépticos radicais **non podemos saber se existe unha auténtica correspondencia entre os meus concepto mentais e a realidade externa**. Considérase ao sofista Gorxias como o pai desta escola, cuxa filosofía podemos resumir nas tres seguintes afirmacións: **nada é; se é non se pode pensar; se é pensable non se pode comunicar**. Ao ser imposible coñecer a verdade sobre as cousas as palabras vólvense autónomas, libres, o que dá unha importancia capital á capacidade retórica dos individuo, os cales, ao non ter en conta a verdade poden impoñer a súa opinión se son oradores convincentes.

O escepticismo radical coñécese tamén como escepticismo **pirrónico**, bautizado así por Pirrón de Elis. Este consideraba que o único que podemos captar son **as aparencias das cousas**, nunca o que estas son verdadeiramente. As aparencias aparecen a uns dun xeito e a outros doutro, o que dá lugar a opinións diversas sobre un mesmo obxecto. Quen ten razón? Ambos. Nada podemos afirmar nin negar, o mellor é non pronunciarse, **suspender o noso xuízo (epoché)**

O **escepticismo moderado** considera, ao igual que o radical ou pirrónico, que non podemos acadar ningún coñecemento verdadeiro, pero non que non sexamos capaces de logralo. O problema é que non temos un criterio definitivo para saber cando as nosas afirmacións son verdadeiras e cando non. Só podemos ter, como afirmaba David Hume, un coñecemento probable, nunca absoluto e universal. Hume era empirista, defendía que a experiencia era a fonte de todo coñecemento, así, só aquilo do que temos experiencia pode ser coñecido. Lémbravos a algo? Efectivamente, ao famoso **problema da indución** que vimos con anterioridade. Do particular non podo chegar a un enunciado universal, verdadeiro de forma absoluta, xa que sempre podería aparecer un novo feito particular que tirase por terra dito enunciado. Por exemplo: se vexo un millón de cisnes brancos podo dicir que *“todos os cisnes son brancos”* pero quizais, se viaxo a outro lugar do mundo atope un cisne negro que destrúa ese enunciado universal. De aí o escepticismo moderado de autores como Hume: a falta dun criterio definitivo para saber cando as nosas afirmacións son verdadeiras só nos queda recoñecer que o noso coñecemento sobre o mundo é, como moito, probable (podo estar no certo,

pero tamén pode que non)

3.2. Dogmatismo

O primeiro que pensamos cando falamos do dogmatismo é en certos discursos ideolóxicos ou relixiosos que presentan unha doutrina que consideran irrefutable e que intentan impoñer de xeito intolerante, sen estar dispostos a escoitar opinións contrarias e sen querer ofrecer probas e argumentos que demostren e xustifiquen a súa “verdade”. En principio parecería que o dogmatismo se opón á actitude crítica que dixemos que define á filosofía. Neste sentido, si, pero **tamén existe un dogmatismo filosófico que entende o termo “dogmatismo” nun sentido diferente. Sería aquela postura que ten unha confianza plena na capacidade humana de coñecer**, é dicir, a que considera que os seres humanos somos quen de coñecer verdadeiramente a realidade. Isto é o que defenderon pensadores como Platón, Aristóteles, Tomé de Aquino, Descartes, Hegel, etc.

3.3. O relativismo

Denomínanse como realativistas a todas aquelas posturas que consideran que a verdade non é, en ningún caso, absoluta e que esta depende do suxeitos, dos diferentes contextos históricos ou culturais. Xa abordamos o que era o relativismo no Tema 1 cando falamos do debate entre Sócrates e os sofistas, o cal non era outra cousa que o conflito entre unha posición universalista e outra relativista.

3.3.1. Relativismo individual ou subxectivismo

Este tipo de relativismo podería resumirse coa famosa máxima de Protágoras: ***“o home é a medida de todas as cousas”***. A verdade dependería de cada individuo, de cada suxeito concreto, aínda que hai quen considera que co termo “home” Protágoras podería estar facendo referencia a algunha comunidade determinada.

3.3.2. O relativismo cultural

O desenvolvemento da antropoloxía cultural, a cal estuda e compara as distintas culturas existentes no mundo, contribuíu ao desenvolvemento deste tipo de relativismo. Así, certas costumes e valores que son considerados como positivos por unha cultura son rexeitados por outra, como por exemplo o incesto, a monogamia, etc. As formas de pensar e valorar dos individuos dependen da cultura do seu grupo, polo que non tería sentido falar dunha verdade absoluta. A este respecto xurde a distinción entre *emic* e *epic* á hora de estudar diferentes culturas: a perspectiva emic é a dos membros do grupo, como ven estes a súa forma de pensar, os seus valores e tradicións, etc. A epic é a do investigador que observa dende fora de dito grupo e analizan ditas costumes e tradicións á marxe do significado que lle dan os membros da comunidade.

3.3.2. Relativismo histórico

Cada época e contexto histórico tería a súas verdades, polo que estas mudan co tempo. Se poñemos como exemplo a colonización europea de América, os indíxenas americanos foron tratados ao

comezo como individuos inferiores, fomentouse o escravismo ,etc. Do mesmo xeito, se analizamos o auxe de certos movementos totalitarios na Europa dos anos 20 sorprenderíamonos da gran cantidade de xente que abrazou discursos racistas e antidemocráticos. Non habería, segundo esta corrente, verdades universais e transhistóricas, só verdades **con relación a unha humanidade determinada**.

3.4. O criticismo

O debate entre racionalistas (dogmaticos) e empiristas (escépticos) será superado pola filosofía de Immanuel Kant (1724 1804) Igual que Hume, argumentará que o coñecemento humano ten certos límites: aqueles que establece a experiencia. Con todo, dará unha volta ao pensamento moderno, xa que segundo este pensador alemán son os obxectos do mundo os que se adaptan ás nosas facultades cognoscitivas e non ao revés. En definitiva: **son os obxectos os ue se adaptan ao suxeito**. Deste xeito nunca coñecemos as cousas tal e como son, o que Kant denomina cousa en sí ou "**noúmeno**", senón tal e como estas se adaptan a nós. Imaxínade que estamos unha illa deserta, esta representa o que podemos coñecer, a realidade que se nos manifesta e que Kant denominou como **fenoménica**. Pese a isto a **razón humana ten na súa natureza a aspiración de ir máis aló desa illa** e aventurase (pese a equivocarse) a coñecer máis aló desa realidade fenoménica.